

A FRANQUEIRA

BOLETÍN INFORMATIVO
DO SANTUARIO DE
NOSA SEÑORA DA FRANQUEIRA

2ª época
Ano V Nº 9
Maio 2012



EDITORIAL

A celebración da Romaría das Pascuillas deste ano 2012 quedará na nosa memoria como o día no que o Santuario incorpora á celebración deste gran día o uso do terreo do Outeiro. Este lugar, próximo ó templo, é unha gran explanada de 12.000 metros cadrados que estabamos todos desexando ver cumprido o desexo de poder utilizalo. Desde hai uns anos a afluencia de parroquias que peregrinan no luns de Pentecostés foi aumentando considerablemente. Este ano supera está próxima ás 60 polo que o espazo do adro é insuficiente. A celebración da Misa Solemne, núcleo central da Romaría, xunto cos ritos de recibimento e despedida e a procesión, estaban precisando dun espazo moito máis amplo para a súa celebración máis digna e axeitada co que nos piden as normas litúrxicas e as necesidades loxísticas.

A decisión é a máis acertada, pero o temor ante a novidade foi medrando de día en día. Tivéronse diversas reunións, cos párrocos, as comisións parroquiais e os veciños do barrio. Entrevistas coas autoridades civís e cubrir as novas necesidades: seguridade, tráfico, sanidade, etc. Foise pouco pouco preparando o terreo e dispoñendo o que se precisaba. Desde este medio., que é este Boletín, queremos agradecer a todos o que de xeito desinteresado puxeron o seu tempo esforzo para que todo chegue a bo fin. Dispostemos dunha gran carpa na que se recolerán as imaxes e se celebrará a Misa Solmemne, este ano ademáis da presenza do Sr. Bispo contaremos coa de Mons Gilberto, Bispo de Abancay, Perú, que virá cos seus conveciños de Albeos en preregiración. Este ano esta parroquia celebra un xubileo con motivo dos 1.100 do nacemento do neno mártir San Paio. A procesión discurrirá ata o santuario para regresar ó Outeiro. As despedidas da tarde, serán como ñe costume no adro da igrexa, sempre que o tempo o permita.

No alto desta pequena montaña, co santuario ós seus pes, cunha vista impresionante da Paradanta e a nosa ollada que se perde ata alcanzar a desembocadura do río Miño e o monte Santa Tegra, alzamos a nosa mirada ó ceo e poñemos a nosa pregaría nas mans da Nosa Señora, a Virxe da Fonte da Franqueira.

Permítanme pedir a todos os que neste día acudan á Franqueira ser comprensivos coas limitacións e os defectos propios dos primierizos, as dificultades do cambio e intentar entre todos superalos. A paciencia debe ser a compañeira de camiño, xunto coa comprensión e a vontade de poñer o mellor de cada un. Queremos que este día sexa alegre, vivo, cheo de emocións e de fervor, que a participación nas celebracións

sexa unha mostra da nosa fe e que nos poidamos felicitar mutuamente e dralle grazas ó Señor por todo.

Javier Alonso Docampo
Párroco- Rector da Parroquia-
Santuario da Nosa Señora da
Franqueira.



No 9 de xuño de 1957 o periodista Benedicto Conde publicou no Faro de Vigo o poema “Cantigas novas” e que a continuación poñemos como mostra do arte lírico que xurde da participación na Romaría das Pascuillas.

CANTIGAS NOVAS

I

Nosa Señora da Fonte
Virxe santa da Franqueira;
no monte ten a casiña
para todos sempre aberta.
Xentes fidalgas da vila
probes labregos dáldea,
rezando van monte arriba,
a ver a Virxe de pedra.

II

As espigas do centeo
cando a Virxe santa pasa,
bambéanse cará Ela,
para , humildosas, saudala.
E dispois aquel panciño,
do centeo da montaña,
benzoado polá Virxen,
ten dos anxiños a gracia.

III

A caminata foi longa,
e muito as andias pesaban.
De trager a carga o limbo
a xente quedou cansada.
Mentres a hora non chega
de tornar de novo á casa
os que de lonxe viñeron
ó pe dun freixo descansan.

IV

Dispois de xantar os mozos,
á sombra mol d'un carballo
tanguen as gaitas a dúo
a carón do santuario
E a música ten na tarde
divino son d'himno sacro,
que por ser tan garimoso
baixas'ó ceo a escoitalo

V

¡Adiós Virxen da Franqueira!
¡Adiós naiciña querida!
Hastr'ó oito de setembro
e pro ano nas “Pascuillas”!
Des d'ó teu altar de pedra,
os nosos pasos vixía;
líbranos de peste e fames,
e protexe as nosas vidas.



ROMARÍA DAS PASCUIILLAS

NA HONRA DA NOSA SRA. DA
A FRANQUEIRA

28

MAIO 2012

“A VIRXE MARÍA, PALABRA DE DEUS”

CALENDARIO DE CELEBRACIÓN

NOVENA

COMEZA O DÍA 19 DE MAIO. TÓDOLOS DÍAS ÁS 8 DA TARDE, EXCEPTO SÁBADOS ÁS 6 E DOMINGOS ÁS 4,30. REZO DO ROSARIO, NOVENA E CELEBRACIÓN DA EUCARISTÍA.

DOMINGO 27 DE MAIO

PENTECOSTÉS. MISAS ÁS 10, 11 E 12 DA MAÑÁ. ÁS 4,30 DA TARDE: ROSARIO E NOVENA. MISAS ÁS 5 E 6 DA TARDE

LUNS 28 DE MAIO

PASCUIILLAS. MISAS ÁS 9, 10 E 11 DA MAÑÁ. ÁS 12, MISA SOLEMNE, PRESIDIDA POLO BISPO DA DIOCESE, D. LUIS QUINTEIRO FUZA E NA QUE PRESENTARÁ A OFRENDA A PARROQUIA DE SANTA CRISTINA DE BUGARÍN. POLA TARDE MISA ÁS 6

ROMARÍA DA PALABRA

O SÁBADO 2 DE XUÑO, ORGANIZADO POLA DIOCESE E PRESIDIDO POLO SR. BISPO, TERÁ LUGAR UN ENCONTRO FESTIVO DE FINAL DE CURSO NO SANTUARIO DA FRANQUEIRA Ó QUE ESTÁN CONVIDADAS TODAS AS PARROQUIAS. DARÁ COMEZO ÁS 11 DA MAÑÁ NO ALTO DA COROACIÓN.

PARA MAIOR INFORMACIÓN PREGUNTA NA TÚA PARROQUIA



NOTA: MISAS NO SANTUARIO OS MÉRCORES ÁS 6 DA TARDE, OS SÁBADOS ÁS 6 DA TARDE E OS DOMINGOS ÁS 11 DA MAÑÁ E ÁS 5 DA TARDE. TÓDOLOS DÍAS 8 DE CADA MES MISA SOLEMNE ÁS 12 DA MAÑÁ, EXCEPTO OS DOMINGOS ÁS 11.

SANTA CRISTINA DE BUGARÍN

Este ano, en nome de todas as parroquias que peregrinan á Franqueira, realiza a ofrenda a parroquia pontareana de Santa Cristina de Bugarín. A comisión organizadora enviounos este artigo para que todos coñecemos a súa parroquia .

Como cada ano os veciños da parroquia pontareana de Bugarín peregrinamos coa nosa patroa, Santa Cristina, o santuario da Franqueira no día das pascuillas. Como é tradición, cada ano una das parroquias ten que facer una ofrenda á virxe, e este ano tocounos a nos. Por esta razón expoñemos aquí a nosa historia en trazos resumidos.

A parroquia de Bugarín está situada debaixo da ladeira do monte da Picaraña. O nome “Bugarín “ provén do latín bubo,-onis, do que pode sair bubaría, terra de buhos. Se cambiamos unha “b” por “v” da lugar a buvaría, que pode sonar bugaría e de ahí sair Bugarín.

A nosa parroquia esta formada por varios barrios dos que podemos citar, entre outros, a Gándara, Camondes, o Viñal, a Chan, a Porteliña, Queidores, Quintela, As Eiras ou A Freixa. No barrio da Porteliña atópase a igrexa parroquial, que antigamente era a capela de San Sebastián. Aínda que non se sabe con exactitude o ano da súa construción, pódese dicir que xa existía a principios do século XVII. A antiga igrexa estaba situada nun lugar coñecido hoxe co nome de “Igrexa Vella”. Esta igrexa pertencía a Encomenda de Beade, dos Cabaleiros de San Xoán de Xerusalén ou Orde de Malta, e o seu abad chamábase Prior. A antiga igrexa parroquial estaba coroada por unha cruz pequena de pedra, a cruz de Malta, que aínda coroa hoxe a actual igrexa. Dícese que existiu na nosa parroquia un palio que era único por esta zona.

Non se sabe con certeza a causa da desaparición da antiga igrexa pero pénsase que puido ser debida ao abandono ou porque se atopaba nun lugar retirado da vecindario.

A igrexa actual ten tres altares: o altar maior, un altar dedicado a San Sebastián e outro dedicado as benditas ánimas. Este último foi restaurado recentemente polo actual párroco da parroquia, Don Ramiro Lamas.

En canto aos cruceiros, en Bugarín temos dous. Un está situado aproximadamente a 100 metros da parte superior da igrexa e o outro atópase no torreiro. No pe de dito cruceiro consérvase desde o ano 1600 un escudo “de armas”. Este escudo pertence a familia dos Mariños, a cal foi moi importante moitos anos atrás. Dito escudo está formado por unha cruz, que é símbolo común; unha palma, que está situada ao lado dereito e que probablemente se refira a da nosa patroa; e unha espada, que tal vez se refira aos capitáns que puido haber na xa nomeda familia dos Mariños. Pero ademáis deste escudo, consérvase outro exactamente igual no barrio que agora se chama Camondes. Antigamente atopábase no muro dun portal que daba entrada a varias veigas e casas. Na actualidade atópase no mesmo lugar ,pero no muro da casa dunha das familias deste barrio.

A nosa patroa, como xa dixemos nun principio, é Santa Cristina, festividade que se celebra o 24 de Xullo. Ademáis desta celebración, tamén conmemoramos a San Sebastián o día 20 de Xaneiro; o Corpus Christi, con alfombras florais, e fai aproximadamente 30 anos que se perdeu a tradición de ir o día 1 de Maio en peregrinación a Picaraña coa Santa Cruz.

En Bugarín só hai unha capela, que está dedicada a Virxe de Fátima e que foi construída recentemente por un veciño.

En canto aos petos de ánimas, só temos un e está situado no barrio de Gándara.

Existen na parroquia catro fontes: a fonte da Caiña, a fonte do Pachón, a fonte da Lama, que foi restaurada fai pouco por un veciño, e a fonte do Casal, que é de augas mineromedicinais.

Tamén temos 5 muiños, todos eles en ruínas.

Pola disposición da orografía do terreo, a parroquia de Bugarín dispoñe dunha cantidade de regatos e todo eles desembocan no río Tea, que pasa pola nosa parroquia.

Coas nosas peregrinacións e a nosa ofrenda pedimos a Nosa Señora da Franqueira que cubra a nosa parroquia de felicidade e bos desexos.



CAMPAÑA: “Eu tamén constrúo”

Todos nos sentimos responsables do que apreciamos e queremos. O templo parroquial de Santa María da Franqueira experimentou nos últimos anos unha gran transformación. A beleza desta igrexa románica volveu a relucir con todo o seu esplendor. Foron acometidas obras de gran embergadura: limpeza exterior, eliminación de humidades, restauración do tellado, arreglo da súa magnífica torre, etc. Todo para que os fieis e devotos da Nosa Señora e os fegreses desta parroquia poidan celebrar os Sacramentos, atoparse co Señor na oración e honrar á Santísima Virxe nas Romarías que se celebran na súa honra.

A través desta campaña convidamos a todos os que sintan moi cerca este “fogar” moi preto do seu corazón amosar o que desde aquí se ofrece e poder colaborar, cada un desde as súas posibilidades, para que sigamos avanzando na construción da Igrexa de Xesucristo.

Quixera agradecer os xestos de xenerosidade que fan posible seguir adiante e animar a todos, a que, nestes momentos de dificultade, poidamos poñer o mellor de nós mesmos.

Moitas grazas a todos

Obras realizadas na Igrexa da Nosa Señora da Franqueira

DRENAXE PERIMETRAL
REALIZACIÓN DO DRENAXE PERIMETRAL
DO EXTERIOR DA IGREXA
COLOCACIÓN DE PEDRAS NO DRENAXE
PROTECTORES DE FERRO FUNDIDO NO DRENAXE

RESTAURACIÓN EXTERIOR DA IGREXA
LIMPEZA DOS MUROS EXTERIORES
ENCINTADO DAS PAREDES EXTERIORES PROTECCIÓN DAS PAREDES PARA IMPEDIR A ENTRADA DE HUMIDADES
COLOCACIÓN DE PEZAS DE COBRE NAS FIESTRAS PARA IMPEDIR A ENTRADA DE HUMIDADES
BAIXANTES DE COBRE E DESAGUE DAS AUGAS PLUVIAIS
PINTAR AS PORTAS DA IGREXA

RESTAURACIÓN DA TORRE
LIMPEZA DO MUROS E ENCINTADO
PARARAIOS NOVO, ILUMINACIÓN EXTERIOR
AGARRE DOS ADORNOS DE PEDRA
ARREGLO DA CRUZ METÁLICA
CINTO METÁLICO PARA A SUXECCIÓN DA TORRE
ILUMINACIÓN INTERIOR
MEGAFONÍA NA TORRE DA IGREXA
AMPLIFICADOR NOVO PARA A TORRE

TELLADO
LIMPEZA DO TELLADO E CAMBIO DE TELLAS
ARRANXO DOS ALEIROS
IMPREGNACIÓN DE LÍQUIDO NO TELLADO

RESTAURACIÓN DO ANTIGO BATISTERIO DEBAIXO DA TORRE
RETIRADA DE ESCOMBRO NA BASE DA TORRE
LIMPEZA DO ANTIGO BATISTERIO
REFORZAMENTO DA TORRE, ESTRUCTURA METÁLICA PARA SOPORTE DAS PAREDES.
COLOCACIÓN DE PEDRAS NOVAS
ILUMINACIÓN



ADRO
ALTAVOCES PARA O ADRO DA IGREXA
REXILLA DE FERRO FUNDIDO NO ADRO
IMPREGNACIÓN DE LÍQUIDO ANTIHUMIDADES DA CUBERTA DOS ASEOS

¿Qué ofrecemos?

O templo aberto tódolos días para a oración persoal.
A predicación da Palabra de Deus.
A transmisión da fe na catequese.
A animación da oración comunitaria mediante a “cadea de oración”.
A celebración dos Sacramentos, en especial, a Eucaristía e a Penitencia.
A adoración Eucarística dúas veces ó mes.
A animación e divulgación da devoción e o culto á Nosa Señora da Franqueira.
A organización das Romarías en Honor da Virxe.
A oración polos enfermos e polas necesidades de todos.
A organización de campañas de concienciación e compromiso social.
A atención a persoas necesitadas.
A escoita daqueles que buscan consolo e consello.
A acollida de devotos e turistas que acuden ó santuario.
A animación de viaxes e peregrinacións.
A organización de encontros de oración, peregrinacións en torno á devoción á Nosa Señora da Franqueira.
Divulgar a historia, arte e vida do Santuario da Franqueira.

¿Que queremos lograr?

Sempre hai que ter unha visión de futuro e é necesario ter á vista proxectos que sexan resposta ás necesidades que a pastoral nos vai reclamando. A tarefa da evanxelización ten futuro e é necesario, desde as realidades máis pequenas, ós proxectos máis grandes teñamos sempre esperanza de que o que é obra do Señor sairá adiante.

Celebrar os 50 anos da Coroación da Virxe da Franqueira.
Espazos de encontro e celebración máis amplos e ben acondicionados.
Lugares de acollida e animación oracional e de convivencia.
Un museo do Santuario e de interpretación da devoción á Nosa Señora da Franqueira.
Hospedería para peregrinos e devotos que queiran adicar un tempo a reflexionar e orar.
Un centro de exposición das devocións marianas da Diocese e da Relixiosidade popular.

¿Qué che pedimos?

Que te unas ós nosos proxectos e ilusións.
Que reces polas necesidades dos devotos da Virxe da Franqueira.
Que colabores segundo consideras. Este ano a parroquia de San Bartolomeu da Lamosa fai a ofrenda no nome de tódolos peregrinos que no día das pascuilas acuden ó santuario de Nosa Señora da Franqueira. Neste boletín ofrecemos a oportunidade de ir coñecendo un pouco máis as parroquias que configuran as comarcas que acoden neste día grande a rendirlle loores á Virxe Santa.

Se queres colaborar, tanto espiritualmente como de xeito material, ponte en contacto con nós.

Transferencia bancaria: Nova Galicia Banco

2080/ 5415/ 07/ 3000133578

Domicilio un pago de euros:

Mensual Trimestral Anual

C.C.C.....

D.D^a NIF

Domicilio

Localidade Provincia

Asina:

*Nota: As aportacións á Igrexa católica deducen na cota íntegra do IRPF
Os datos serán tratados conforme ó disposto na lei L.O. 15/1999.*

No mes de novembro un grupo de sacerdotes asistimos a unha sesión de "Lectio Divina" no mosteiro beneditino da Transfiguración do Señor en Trasmañó, Redondela. Enmarcado dentro dos obxectivos do curso pastoral poñemos a disposición dos lectores do Boletín os elementos esenciais dese encontro e convidamos a que se animen a formar grupos de lectura crente e orante da Palabra de Deus.

UN MODO DE ORACIÓN CRISTIANA

"El Concilio exhorta con especial vehemencia a todos los cristianos, a que aprendan el sublime conocimiento de Jesucristo (Filp 3,8) con la lectura frecuente de las divinas Escrituras. Porque el desconocimiento de las Escrituras es desconocimiento de Cristo / .../ No olviden que debe acompañar la oración a la lectura de la Sagrada Escritura para que se entable diálogo entre Dios y el hombre: porque a Él hablamos cuando oramos, y a Él oímos cuando leemos las palabras divinas.

Literalmente Lectio Divina se traduce por "Lectura de Dios" Se trata de una lectura que tiene a Dios por objeto.

San Gregorio dirá de ella que es "el arte de estudiar el corazón de Dios" Cuanto más se la estudia mas se amplían los horizontes de conocimiento y de gusto por lo divino.

"El Catecismo de la Iglesia define la Lectio Divina como el marco en el que "la Palabra de Dios es leída, meditada para convertirse en oración". Se trata de una lectura orante que alimenta y conduce al encuentro personal con Dios.

Cada día el cristiano ,el presbítero, se alimenta del pan de la Palabra. Privado de él, está como muerto y ya no tiene nada que comunicar a sus hermanos, porque la Palabra es Cristo, con el cual está llamado a conformarse"

Esta búsqueda y encuentro se verifica en el diálogo, en el que Dios, bajándose al nivel del hombre, le comunica su plenitud. Dicho diálogo tiene dos tiempos: el de la "lectura", en la que Dios habla, y el de la "oración", en la que el hombre se dirige aDios. En este diálogo la Palabra es el lugar y el medio de encuentro con Dios.

La sagrada Escritura no es un elemento más de la vida espiritual, sino el núcleo central de la misma. Una vida espiritual auténtica debe nutrirse de la Palabra de Dios, leída, meditada, comprendida y vivida. Orígenes la considera base de toda vida ascética, de todo conocimiento espiritual y de toda contemplación.

Aparece así claramente el valioso tesoro que encierra la Palabra de Dios. La Sagrada Escritura conduce a Cristo. Cuando los Santos Padres leían la Biblia no se acercaban sino al mismo Cristo vivo y Cristo les hablaba. Consumían la Palabra como el Pan y el Vino Eucarísticos y la Palabra se ofrecía con la profundidad de Cristo. Escritura y Eucaristía contienen al Verbo de Dios. San Gregorio Magno, el gran Papa, presenta bellamente este concepto:

"Vosotros que tenéis la costumbre de asistir a los divinos misterios sabéis bien que es necesario conservar con sumo cuidado y respeto el Cuerpo de nuestro Señor que recibís, para no perder de él ninguna partícula. A fin de que nada de lo que ha sido consagrado caiga en tierra, ¿pensáis acaso que sea un delito menor tratar con negligencia la Palabra de Dios que es su Cuerpo?"

CARACTERÍSTICAS DE LA LECTIO

LECTURA PENETRADA DE FE:

Es la primera y fundamental característica requerida.

Debe estar muy viva la certeza de que Dios está presente y sigue hablando hoy en su Palabra. Y su voz no se dirige a un espacio abierto sino que va dirigida a mí, personalmente, aquí, ahora, para mi salvación y santificación"

LECTURA SAPIENCIAL:

Es un clima de escucha que "saborea" el mensaje divino.

La finalidad de la Lectio es estar con Dios y escuchar su voz. Pretende saborear más que saber, admirar más que especular o cuestionar. Se trata de una lectura gustosa y gustada, paladeo del corazón, que vivifica la letra y suscita un gusto secreto que abre a la comunión de amor.

LECTURA ÍNTIMA:

Se trata de llegar a un contacto directo con Dios, de estar con Él y escuchar a Dios. Él abre su corazón e invita a penetrar en Él y conocerlo, y esto sólo puede darse a nivel de experiencia personal.

Tanto por parte de Dios como por parte del orante el amor representa el papel principal en esta lectura. El corazón comprende lo que el entendimiento jamás podría ni vislumbrar. La lectura íntima de la Palabra de Dios hace



arder el corazón como un día experimentarían los discípulos de Emaús, Un corazón que ama no puede menos de esforzarse por conocer mejor a Aquel que ama.

LECTURA ORANTE:

La oración debe interrumpir la lectura. Cuando el texto no se comprende bien es preciso pedir la luz de Dios. Sólo bajo la acción del Espíritu Santo es posible descubrir el sentido de la Escritura; sólo orando es posible penetrar en él. La oración brota espontánea cuando se lee en actitud personal e íntima.

LECTURA ESPIRITUAL:

Es indispensable comprender lo que se lee para lo cual la lectura exige un conocimiento amoroso de su sentido espiritual. El orante debe poner empeño en la búsqueda del significado ayudándose para ello de todos los medios a su alcance, mediante el estudio de la Sagrada Escritura. Para comprender el sentido profundo y oculto de la Escritura es absolutamente indispensable la purificación de los propios pecados, y el esfuerzo en el cultivo de las virtudes cristianas. Sólo el hombre espiritual puede gustar el sentido espiritual. Como el maná, la Sagrada Escritura se pone al alcance de todos y sacia los gustos y necesidades de cada uno.

LECTURA PRIVADA Y ECLESIAL:

Es totalmente personal. pero como miembro de Cristo que es, el orante cuando lee y ora, la Iglesia misma lee y ora, busca y descubre un poco más a su Cabeza y Esposo. La Escritura debe ser interpretada dentro de la Iglesia y de la tradición.

LECTURA ATENTA y ASIDUA:

Debe ser perseverante. Es una tarea seria y ardua que solicita total atención y una enérgica aplicación de las potencias del alma (memoria, entendimiento y afectividad). Requiere firmeza de ánimo para escrutar, captar y comprender, para vencer el cansancio, el sueño o la desgana cuando aparezcan, cueste lo que cueste. Para ello habrá que cultivar la voluntad, hasta lo heroico, si fuera necesario. La relectura de la Palabra habrá de ser constante. Cuanto más se la lee, más se descubre en ella. Nadie ha profundizado tanto en ella que no pueda avanzar todavía más. Por mucho que se la explique e ilumine, sigue conteniendo secretos. Cuanto más se la lee, más se la quiere.

EFFECTOS DE LA LECTIO DIVINA

Crea mentalidad bíblica. Se van haciendo propias las ideas y expresiones de la Palabra de Dios pasando a formar parte del propio patrimonio espiritual.

Conduce a pensar espontáneamente desde criterios evangélicos.

Total renovación. La Palabra de Dios ejerce un influjo liberador y purificador. Reforma las costumbres y conduce al progreso espiritual. Llena de espíritu de sabiduría.

Conduce a la piedad objetiva, lejos de imaginaciones, sentimentalismos o subjetivismos.

La Palabra de Dios hace al orante verdadero cristiano.

Mueve a verdadera vida de oración. La favorece y vivifica. Impide la distracción y concentra los pensamientos.

Facilita el conocimiento de Dios y de sus designios. Fortalece y favorece la vida intensa con Dios llevando a la experiencia de Él mismo. Alegría interior nacida del encuentro con Dios que ha creado al hombre para la felicidad.

PARTES DE LA LECTIO DIVINA

No son grados sucesivos sino elementos que coexisten pacíficamente. A veces se interfieren o presentan características semejantes de modo que no fácilmente se diferencian. Vienen a ser los ya clásicos. Los detallo brevemente:

Lectio: Lectura atenta y estudio de la Sagrada Escritura. Ilumina la mente y la abre al conocimiento de Dios.

Meditatio: Trata de comprender el texto leído, fortalece el ánimo. Meditar, en este contexto, equivale a gemir desde el interior en deseo ardiente de búsqueda de la Verdad. Pretende asimilar lo que se lee mediante el reposo y la quietud.

Oratio: El encuentro con la Palabra provoca la oración, es el encuentro amoroso con Dios que habla, constituyéndose así en alimento del alma. Implora la vida bienaventurada.

Contemplatio: Saborea los contenidos percibidos anterior e interiormente. El esfuerzo anterior cesa para que el orante, sencilla y silenciosamente acoja la Palabra y con ella a Dios mismo que ahora se entrega al alma.

Todo esto quiere ser una breve síntesis que pueda servir de guía a aquellos que en la Iglesia hemos recibido la vocación y la gracia de ser contemplativos, sobre todo de la Palabra de Dios, lugar teológico donde Él nos habla y nos comunica su intimidad.¹¹

Que Santa María nos enseñe y ayude a acoger y meditar cada día La Palabra en nuestro corazón. Así sea

A TRANSMISIÓN DA PALABRA DE DEUS

Experiencia desde Kasempa en Zambia

José Manuel Bernárdez Gándara é un sacerdote da nosa diocese de Tui-Vigo que realiza a súa misión en Zambia. É moi coñecido por nós pola relación con este santuario. Pedímoslle que nos escribise a súa experiencia sobre a importancia da Palabra de Deus na evanxelización e no traballo na Misión. Que disfrutedes da súa lectura. Dámoslle as grazas polo seu testemuño e a súa colaboración.



Introducción

Os misioneiros protestantes evanxélicos chegaron a Kasempa sobre o ano 1.920, pola contra os católicos no ano 1.975. A Igrexa evanxélica viu case a ser a Igrexa “oficial” da tribu Kaonde. Este trasfondo axuda a entender os desafíos que nos topamos a hora de transmitir a Fe. Un coñecemento case completo da importancia e significado dos sacramentos e unha lectura moi literal da biblia e con un forte moralismo posto en clave cultural tradicional para xustificar comportamentos que pouco ou nada teñen que ver coa Palabra de Deus, pero sí teñen moito que ver con un tipo de cultura (que si as mulleres han de levar pantalóns ou minifaldas ou non -por ser “anti-cristianas”-, que si os que se emborrachan o sábado o domingo non poden ir a Misa, que si a autoridade do xefe ven de Deus directamente, que si os cristiáns teñen que bendicir sempre o goberno de turno –aínda que sexa corrupto-,por citar algúns exemplos.

Desafíos

No medio de este panorama, hai que engadirlle o tópicos de que os católicos “non len a Biblia”, sobra dicir que na nosa pastoral a Palabra de Deus ten unha importancia significativa.

Primeiro, hai que explicala ben, no seu contexto e que a xente a entenda. Aquí se recibe a Palabra de Deus nunha cultura completamente diferente e hai moitos elementos que hai que explicar para que a xente os entenda. Un bo exemplo é o de Xesús Bo Pastor. Aquí non hai pastores nin ovellas, polo tanto hai que usar outras imaxes para explicar o texto adecuadamente.

Segundo, hai que por a Palabra de Deus na Igrexa. Aquí é un desafío enorme para nós explicar a conexión entre a Palabra de Deus e os Sacramentos. Algo que a xente non ve ou non chega a descubrir moitas veces debido a ese trasfondo protestante.

Terceiro, hai que ser capaces de por a Palabra de Deus na nosa vida de cada día. A Palabra ten que ser forza que sexa capaz de evanxelizar estas culturas, sacar delas aquelas tradicións que son alleas á Palabra de Deus e á Fe. Esta é unha tarefa difícil, porque hai tradicións que están moi arraigadas na xente e a xente sin esas tradicións se sinten coma orfos. E aquí hai tradicións relamente raras, ata hai unha maxia que fai mover os ataúdes en busca de vinganza polo que causou a morte do defunto.

Propostas

¿Cómo transmitimos a Palabra de Deus neste contexto? ¿Qué medios usamos? Por unha banda están os medios que usa a Igrexa: a homilía, sobre todo a dominical, charlas nos tempos litúrxicos fortes, e na catequese, sobre todo no



catecumenado de adultos.

Pero ademáis diso, onde realmente se masca a Palabra de Deus é nas Pequenas Comunidades Cristianas (PCCs). Moitas se reunen os mércores (tradicionalmente era o día festivo nestas tribus), outras o domingo pola tarde. É ahí onde se volve a ler o texto do Evanxeo e onde se fai unha reflexión persoal e compartida do significado desa Palabra de Deus na vida de cada crente.

Ao fin e o cabo a Misa se fai impersonal ao ser moita a xente que atende e pouco o tempo diponible. Na PCCs o tempo non é problema, os que se reunen son veciños que queren compartir a súa fe e ver cómo poder levala a vida de cada día. Ahí é onde realmente a Palabra de Deus se lle quita todo o zumo e as implicacións para a a vida de cada día. Ao mesmo tempo se conta coa axuda dos outros membros da PCCs.

Esta aposta pastoral dos bispos do este de Africa (Amecea) polas PCCs é sen dúbida un dos grandes acertos pastorais. Ademáis disto, despois están un montón de cursiños para que a xente poida entender propiamente a Biblia, o Pobo de Israel e a súa cultura. Algo que algunhas veces se fai difícil para a a xente. Moitas veces o mundo do Antigo Testamento se lles fai costa arriba para entendelo axeitadamente ao ser tan cultural e tan lonxano destas tradicións. Aquí non hai lentellas, nin trigo nin outros cultivos ou tradicións que fan difícil entender a mensaxe da Palabra de Deus no A.T. Sobra dicir que estes cursiños son outra das pedras angulares no traballo pastoral e no apostolado bíblico.

Na catequese a palabra de Deus é mimada, explicada de xeito sinxelo para que tanto nenos/as como catecúmenos a poidan entender.

A homilía

Predicar en Africa é distinto de facelo noutros lugares. Esta xente non ten a nosa metalidade racionalista e abstracta. Polo tanto é moi importante o usar un feito de vida, un conto, un refrán, un exemplo... un algo que ilumine e clarifique a Palabra de Deus. Isto aquí é case un deber para que a xente poida ir ao miolo da Palabra. Isto significa que hai que adicarlle tempo a súa preparación.

Moi a miudo nós facemos folletos en lingua local para os encargados da liturxia dominical (temos 52 comunidades e só 4 reciben a visita do sacerdote o sábado ou domingo), nos que se lles explica a mensaxe da palabra de Deus e se pon no seu contenxto e as implicacións para a vida de cada día.

Conclusión

O africano é un ser relixioso e vitalista. A palabra de Deus logo se lle familiar. Hai sede de Deus neste continente. Isto fai doada a recepción, ou polo menos a escoita, da Palabra de Deus.

Outra cousa é deixar que esa Palabra penetre o corazón, sexa ben entendida e sexa capaz de quitar os medos e desafiar as tradicións que son alleas a Fe.

É ahí onde está a importancia da formación, sobre todo a través de cursiños, e das Pequenas Comunidades Cristianas, como lugar onde se comparte esa Palabra e se medra na Fe.

D. XOSÉ CERVIÑO CERVIÑO

O día 18 de abril pasaba á casa do Pai o que fora durante moitos anos o Bispo da nosa Diocese D. Xosé Cerviño Cerviño. Un pastor entrañable que soubo estar no medio do seu rabaño como o bo pastor que coida dos seus, os coñece e os ama. Durante o seu ministerio non deixou de participar nas celebracións máis importantes do Santuario da Nosa Señora da Franqueira e de animar a vida pastoral deste lugar emblemático da nosa Igrexa diocesana. Sempre cercano ós peregrinos, pois víase como un peregrino máis da Virxe da Fonte. Desde moi cativo viña coa súa familia desde o seu Aldán natal e sempre o lembraba co su humor característico. Xa xubilado manisteba o seu desexo de pasar polo santuario e orar diante da imaxe da Nosa Señora. Foi el quen na celebración das vodas de prata da Coroación da Virxe da Franqueira consagrou a Diocese á Nosa Señora. No ano 2006, na Romaría das Pascuillas, con motivo da celebración do 60 aniversario da súa ordenación sacerdotal, entregouelle a D. Xosé un pequeno agasallo no nome de todos os peregrinos e devotos da Nosa Señora da Franqueira e como testemuño do noso agradecemento. Pedimos á Nosa Señora que agora poida disfrutar das festas eternas do ceo.



Moitas grazas D. Xosé.

CONSAGRACIÓN DA DIOCESE Á VIRXE DA FRANQUEIRA
D. Xosé Cerviño Cerviño,
Bispo da Diocese de Tui-Vigo
23 de xullo de 1988,
XXV Aniversario da Coroación Canónica

“Virxe da Franqueira, Raíña e Señora:

No monte Clavario, Xesús proclamou a túa maternidade espiritual. Somos fillos teus. Esa é a nosa honra e a nosa ventura.

No monte Paradanta nós queremos proclamarte hoxe, con toda a Igrexa, Raíña e Señora nosa. Sentímonos honrados de ser teus servidores. Por eso nos consagramos a Ti, ó teu Corazón de nai e Raíña.

A nosa consagración é unha renovación da consagración bautismal. Polo santo bautismo quedamos vencellados a Cristo, o Santo de Deus, o consagrado pola Unción do Espírito Santo. Tamén nós, elexidos agarimosamente por Deus Pai, fomos consagrados a El pola Unción do mesmo Santo Espírito. Hoxe renovamos a nosa actitude de entrega a Deus, querendo asemellarnos a Ti, que te proclamaches escraviña do Señor. Por eso nos consagramos a Ti e en Ti confiamos.

A Ti confiamos, María, as nosas persoas, a nosa vida, os nosos proxectos.

A Ti confiamos as nosas familias para que nos nosos fogares sexa amada e respectada a vida que comeza; para que se manteña a fidelidade dos esposos; para que , desde unha actitude de amor mutuo, se axude a vivir a vocación persoal de cada un dos membros da familia.

A Ti che confiamos os noso Sacerdotes e Seminaristas; as persoas consagradas ó servizo da Igrexa na vida Relixiosa; os homes e mulleres que, desde a súa condición secular, han de construír un mundo mellor, mais xusto e mais fraterno.

A Ti che confiamos os pobos da nosa Diocese: as pequenas aldeas, as vilas e cidades. Nelas érguense templos e ermidas adicadas devotamente ó teu nome; nelas venéranse imaxes tuas con tradición de séculos. Dende o mar ata ás altas montañas, nos vales e nas bocaribeiras, todos te proclamamos benaventurada e a Ti acudimos confiados na tua poderosa mediación.

Coa xente sinxela e piadosa que peregrina a este Santuario repetimos hoxe as cantigas de Romaxe:

Virxe da Franqueira
que tes un Meniño,
fainos levadeiro

O día 21 de xullo do vindeiro 2013 celebraremos as vodas de ouro da Coronación Canónica da imaxe da Nosa Señora da Franqueira. Na longa historia deste santuario foi a manifestación máis importante do noso amor á Nai de Deus nesta advocación singular. Non pode pasar de largo a oportunidade que nos da esta data para programar as actividades e celebracións que nos axudarán a renovar desde o máis profundo do noso corazón a devoción que lle profesamos. Daranse a coñecer en breve as diversas iniciativas que se porán en marcha. Agora de xeito telegráfico presentamos algunhas ideas que xa están collendo corpo:

A celebración dun Ano Xubilar coa concesión das grazas da Indulxencia Plenaria.

O coidado das celebracións, en especial, as das solemnidades da Virxe María.

Prerorar e celebrar con esmero as Romarías e o 21 de xullo do 2013, aniversario da Coronación. A atención ás peregrinacións; parroquias, grupos, familias, ou peregrinos esporádicos, desde a acollida, celebracións, sacramentos, oracións e bendición final.

Dentro do ano da fe e da nova evanxelización, dar a coñecer os documentos do Concilio Vaticano II, o Sinodo Diocesano e as súas repercusións pastorais para levalas á práctica.

Realización de catequese e medios adecuados para os máis novos sobre a Virxe María e a advocación da Nosa Señora da Franqueira, o significado da coronación e apromover entre eles a devoción mariana cun carácter evanxelizador.

Publicación de materiais sobre a historia, devoción, arte, tradicións e oración do Santuario da Franqueira. Realización dunha exposición itinerante dando a coñecer a devoción da Virxe da Franqueira e a súa repercusión na vida dos diocesanos.

Realizar unha exposición permanente sobre a Coronación Canónica.

Animar a realización dun proxecto solidario cos máis necesitados.

Na última reunión de párrocos das parroquias que peregrinan nas pascuillas propuxose a recollida de materia fotográfica para realizar unha exposición. Daremos dentro da programación deste ano a coñecer esta iniciativa.

CADENA DE ORACIÓN Á NOSA SEÑORA DA FRANQUEIRA

Esta é unha nova actividade que estamos a promover no Santuario. As persoas que queiran participar poden poñerse en contacto connosco.

IDENTIDADE

É unha proposta do santuario da Nosa Señora da Franqueira a todos os devotos da Virxe. Unha chamada a vivir en comunión desde os nosos fogares facendo un rato de oración bíblico- mariana.

Con esta iniciativa queremos aportar un medio para lograr algúns dos obxectivos prantexados este ano na Programación pastoral da Diocese de Tui-Vigo. Na primeira liña de acción indícase: "Promover por diversos medios (valéndonos tamén das novas tecnoloxías) o anuncio da Palabra, especialmente entre a mocidade e entre quen están apartados da fe". Esta liña lembra a constitución sinodal nº 22 "Usar e potenciar as novas tecnoloxías".



Tamén respondería ás liñas parroquiais 1.3 “Analizar e valorar, coa participación de laicos, o coñecemento, a lectura orante, a vivencia e as celebracións, para lograr que, en toda a vida parroquial e nos seus grupos, estea presente a Palabra de Deus”. A 2.2 “Iniciar ás familias na oración bíblica, especialmente aos pais que teñen fillos en procesos catequéticos”. Const. Sinodal 59 “Concienciar e axudar á familia, “Igrexa doméstica”, para que sexa escola e lugar de oración, onde os nenos aprenden, polo testemuño e a ensinanza dos seus”.

Outras constitucións sinodais dos que se nutre esta iniciativa:

Nº 36, 59-64

Os obxectivos que pretende:

Fortalecer a fe dos devotos da Virxe da Franqueira.

Animar a oración en familia, facendo dos nosos fogares prolongación viva do santuario.

Estar en comunión coa Igrexa e participar das inquiredanzas, necesidades e acción de grazas dos devotos.

Crear lazos de fraternidade entre os devotos da Franqueira.

Facer unha comunidade orante de intercesores, sobre todo coa participación dos enfermos e anciáns.

Dar exemplo e animar á oración ós máis novos das familias.

Introducir na oración persoal elementos bíblicos: lectura do Evanxeo, salmos, etc.

Os que desexan formar parte deste grupo simplemente teñen que inscribirse no santuario dando os seus datos e comprometéndose a rezar un momento concreto do día, para que, entre todos facer unha cadena continua de oración polas intencións da Igrexa universal, da nosa Diocese de Tui-Vigo e polas intencións dos devotos da Virxe da Franqueira. Cada mes recibirán puntualmente as intencións correspondentes a ese mes e o esquema da oración.

ACTIVIDADES

Ó inscribirse, cada membro escolle unha hora do día en que se compromete a facer a oración, deste xeito quererá patente non so os que están orando, senón quen está uníndose na oración nese mesmo momento.

Antes de comezar o mes recibirán nos fogares un papel co esquema da oración a facer todos os días. o seu desenrolo será o seguinte:

Invocación ó Espírito Santo. El é o que nos anima á oración e infunde o desexo de que sexa un momento de comunión e vida.

Lectura do texto bíblico. (Hai persoas que teñen costume de ler o Evanxeo da Misa do día).

Un momento de silencio de encontro coa Palabra e de oración ante o Señor.

Ler as intencións polas que se reza ese mes.

Rezo do Santo Rosario, rematando cada misterio coa oración do mes.

Finalizar coa oración á Nosa Señora da Franqueira.

No momento de oración procuramos ter á vista unha estampa ou unha imaxe da Nosa Señora da Franqueira.

Na calebración da Eucaristía do 8 de cada mes e ó domingo seguinte, tense unha oración polos devotos da Nosa Señora da Franqueira

Ó ter as direccións e correo tense a posibilidade de manter un contacto máis directo para enviar avisos de celebracións especiais e novas do santuario, así como encontros, peregrinacións, actividades, retiros, etc nos que poden participar.

PÁXINA WEB ACTUALIZADA

Estas últimas semanas estiveron traballando na actualización da páxina web que ten o santuario. É un traballo que aínda queda por rematar . queremos agradecer o labor de Nacho Lourido da empresa Alénmultimedia e a iniciativa do Sr. Ordóñez que nos alenta nestas novas tecnoloxías.

Podes acceder coa mesma dirección www.afranqueira.org e tamén enviar a túa opinión a info@afanqueira.org.

“A Franqueira” é unha publicación do Santuario de Nosa Señora da Franqueira.

Agradecemos a colaboración dos autores dos artigos publicados.

Dirección: Santuario de A Franqueira.

Deseño e Impresión: Mongraf Artes Gráficas, Vigo